

FICHA DE PRE-INSCRICIÓN

“4ª Convivencia Formativa de Irmáns e Cuñados”

A Casa Antiga do Monte-Padrón, 24 e 25 de outubro de 2020

Enviar esta inscrición cuberta a familias@fademga.org

Prazo de envío remata o 14 de outubro

Nome e apelidos: _____

Asociación: _____

Mail: _____

Teléfono de contacto: _____

Relación coa persoa con discapacidade: _____

Quedo a comer o Sábado: Si Non e o Domingo: Si Non

¿Teño algunha alerxia ou intolerancia alimenticia ou preciso dalgunha dieta especial?

Si Non ¿Cal?: _____

Quedo a durmir: Si Non

Podo compartir habitación (so convivintes): Si Non

Cota de inscrición: 25 euros. Inclúe aloxamento en pensión completa.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Normativa:	Regulamento (UE) 2016/679 –RGPD e LOPDGDD 3/2018
Responsable:	FADEMGA Plena inclusión Galicia
Finalidade:	Administración dos datos persoais para a xestión das actividades a desenvolver na área de atención a familias, concretamente na 3ª convivencia formativa de irmáns e cuñados
Lexitimación:	Relación contractual de prestación de servizos, interese lexítimo e consentimento da persoa interesada ou da persoa que a representa legalmente (no caso das autorizacións).
Terceiras partes:	Procederemos á comunicación dos teus datos unicamente a terceiras partes implicadas na realización da actividade coa finalidade de posibilitar o desenvolvemento da mesma, por exemplo ás entidades e organismos financiadores, e ós establecementos que nos proporcionan os servizos de apoio necesarios para o desenvolvemento da actividade. Comunicaranse tamén ós nosos encargados de tratamento cando sexa preciso para a prestación dos servizos lles temos contratados. Poderanse comunicar tamén á Administración Tributaria e a entidades bancarias . No caso de que nos deas permiso para a toma e publicación das túas imaxes comunicarémolos tamén nos termos expostos na autorización.
Dereitos:	Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos teus datos, e á limitación ou oposición ao seu tratamento e a revocar o consentimento prestado. Tamén poderás presentar reclamación ante a Axencia Española Protección de Datos.
Información adicional:	Toda a información facilitada poderás atopala ampliada na información adicional no reverso desta autorización.

DATOS DE SAÚDE: é imprescindible que coñezamos e comuniquemos os datos referentes a se tes algunha alerxia ou intolerancia alimentaria ou se precisas unha dieta especial ao establecemento de restauración, coa finalidade de poder prestarte os servizos de manutención incluídos na actividade.

Antes de que nos des as autorizacións que te solicitamos a continuación informámoste de que non son obrigatorias, de que podes retirar o teu consentimento en calquera momento e de que se o fas non se verán afectados os tratamentos de datos feitos con anterioridade.


Ademais solicitamos a túa autorización para o tratamento dos seguintes datos:

- **TRATAMENTO DE IMAXES.** Durante o desenvolvemento das actividades poden tomarse imaxes (fotografías e vídeos) que serán publicadas en medios dixitais e impresos da Federación, coa **finalidade** de darlle difusión, como poden ser a páxina web, redes sociais, Info XXI, prensa e outros medios de comunicación. En ocasións incluimos as imaxes en informes e memorias internas, así como en memorias xustificativas para os nosos financiadores, coa **finalidade** de dar fe da realización das actividades subvencionadas. Ademais pode realizarse o seu visionado durante accións formativas con **fins** didácticos. Tamén poderán ser facilitadas ás persoas participantes que as soliciten, coa finalidade de dar difusión á actividade.

- SI** autorizo a toma e divulgación da miña imaxe nos termos expostos
- NON** autorizo a toma e divulgación da miña imaxe nos termos expostos

No reverso deste documento atoparás **información adicional** sobre o tratamento que faremos dos teus datos.

Data e sinatura



INFORMACIÓN ADICIONAL IMPORTANTE SOBRE CÓMO TRATAMOS OS TEUS DATOS

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018 .

¿Quen é Responsable do tratamento dos teus datos persoais?: FADEMGA Plena inclusión Galicia CIF: G36620037 Polígono do Tambre-Vía Pasteur 53A-15890 Santiago de Compostela (A Coruña). Teléfono: 981519650 Correo electrónico: fademga@fademga.org

¿Con que finalidade tratamos os teus datos?: Para xestionar de forma óptima a actividade desenvolvida pola Federación (xestión da relación contractual, incluída a xestión contable e fiscal), e dar difusión ás mesmas.

¿Durante canto tempo conservaremos os datos?: Os datos persoais proporcionados se conservarán durante o tempo que dure o programa e ata a prescrición das accións legais que se poidan derivar. Poderán conservarse durante un período de tempo superior se na realización actividade fosen empregados fondos procedentes de entidades ou organismos financiadores. Nestes casos conservaranse os datos durante o período esixido pola convocatoria reguladora. As imaxes conservaranse ata que se solicite a súa supresión por parte da persoa interesada.

¿Porqué está FADEMGA Plena inclusión lexitimada para o tratamento dos teus datos?: Porque existe unha relación contractual de prestación de servizos. Estamos lexitimados para tratar os teus datos de saúde porque o facemos para prestarche un servizo de asistencia social, en virtude dun contrato de prestación de servizos con profesionais suxeitos ao segredo profesional (art. 9.2 h) do Regulamento Xeral de Protección de Datos. No caso da comunicación de datos a entidades ou organismos financiadores está lexitimada porque ten un interese lexitimo en obter a financiación necesaria para poder continuar desenvolvendo as súas actividades. No caso das autorizacións, estamos lexitimados porque temos o teu consentimento expreso. Poderá retirar o consentimento en calquera momento, dirixíndote a FADEMGA Plena inclusión Galicia. Os tratamentos que se realizaran anteriormente continuarán sendo válidos.

¿A que destinatarios se comunicarán os datos? Cando sexa imprescindible os teus datos serán comunicados a terceiras partes implicadas no desenvolvemento da actividade, coa única **finalidade** de xestionar a mesma, como poden ser entidades e organismos financiadores, ou empresas que nos prestan, de ser o caso, servizos de apoio á actividade (aloxamento, restauración, transporte, seguro). Poderanse comunicar á Administración Tributaria cando sexa preciso para o cumprimento de obrigacións legais, e as entidades bancarias cando sexa necesario para a realización dos cobros. No caso de ter a túa autorización, as imaxes que tomaremos poden ser publicadas en diferentes medios impresos e dixitais da federación (Web, Redes Sociais, folletos, boletín Info XXI, memorias e informes), e medios de comunicación, coa **finalidade** de dar difusión ás nosas actividades. Poderán ser facilitadas ás persoas participantes que as soliciten, coa **finalidade** de dar difusión á actividade. Tamén se tomarán imaxes e vídeos para o seu visionado en accións formativas da federación con **finalidade** didáctica. Ademais, se o evento fose desenvolvido con fondos procedentes de organismos ou entidades que financian actividades e programas con fins sociais, as imaxes da actividade incluíranse na memoria xustificativa, coa **finalidade** de amosar que a actividade foi realizada. Comunicaranse tamén os teus datos aos nosos encargados de tratamento cando sexa preciso para a prestación dos servizos lles temos contratados.

Transferencia de datos a terceiros países: No caso de que a crise do COVID19 ou calquera outro imprevisto nos impida realizar a actividade presencial, farémola mediante ZOOM. Con ocasión da utilización da ferramenta Zoom, poderase producir a transferencia dos seus datos ós Estados Unidos ou a calquera outro país no que os subprocesadores de Zoom teñan operacións. Conforme ó seu Addendum de Protección de Datos a nivel Global de Zoom, tódalas transmisións de datos teus datos fora da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo levaranse a cabo a través dalgún dos seguintes mecanismos: a) de conformidade co marco e os principios do Escudo de Privacidade da UE e EE.UU, b) a través de cláusulas contractuais estándar aprobadas pola Comisión Europea, cumprindo en todo caso coas leis sobre protección de datos do Espazo Económico Europeo e aplicando as garantías documentadas pertinentes segundo o descrito no artigo 46 do Regulamento. Zoom dispón de certificación en virtude do Escudo de Privacidade da UE e de EE.UU.

¿É obrigatorio facilitar os datos que pedimos? A persoa non está obrigada a facilitar os datos, pero a comunicación dos mesmos é un requisito previo sen o que non se poderá participar na actividade. A autorización para a toma e publicación de imaxes non é obrigatoria.

¿Cales son os teus dereitos cando nos facilitas os datos? :

- **Acceso:** tes dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais ou non, a saber cales son, para que se empregan, canto tempo se van a gardar, a orixe dos mesmos e se se teñen comunicado ou se van comunicar a un terceiro.

- **Rectificación:** tes dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.

- **Cancelación:** tes dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan erróneos, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ao esquecemento.

- **Oposición:** tes dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- **Limitación do Tratamento:** tes dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis aló da mera conservación dos mesmos.
- **Portabilidade:** tes dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitírllos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.
- **Revocar o consentimento prestado:** con respecto as autorizacións, tes dereito a retirar o consentimento en calquera momento, se o fas non se verán afectados os tratamentos de datos feitos con anterioridade.

¿Como podes exercer estes dereitos?: solicitándoo nun escrito, co que deberás achegar a fotocopia do teu DNI, á dirección anteriormente indicada. Poñemos á túa disposición modelos para o elo, que poden recollese nas nosas instalacións.

AGENCIA ESPAÑOLA PROTECCIÓN DE DATOS: no caso de que non se respectaran os teus dereitos podes presentar reclamación á AEPD c/ Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou empregar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/>